

2026

ANDAINA SOLIDARIA DE PRIMAVERA

REGULAMENTO

- **DATOS XERAIS:**

Esta é unha andaina con fins benéficos, na que trataremos, coa recadación conseguida tanto polas inscricións como polo pincho solidario, conseguir fondos para as asociacións protectoras de animais Callejeros Barbanza (gatos) e Save an Angel (cans). A ruta será circular cunha distancia duns 9 kms, aínda que podería modificarse para evitar terreos moi embarrados.

Percorrerá lugares preciosos, pasando por antigos muiños de auga, praias de pelouros ou o Faro de Corrubedo.

- **DÍA:** 29 de marzo (domingo).
- **LUGAR:** Lugar de Teira, Corrubedo. As tres andainas realizarán a saída (escalonadamente según o cadrante), dende a praza de Teira. Reservando o pinar do merendeiro de Laxa da Gata para deixar os cabalos daquelas persoas que fagan a andaina cabalar.
- **SAÍDA:**
 - **RUTA CABALAR:** 9:30 HS
 - **RUTA CANINA:** 9:45 HS
 - **ANDAINA:** 10:00 HS
- **CHEGADA:** A ruta será circular, comeza e remata no mesmo sitio. Organizarase un pincho solidario e dispoñerase de auga e froita para tódolos participantes.

A Andaina está organizada polo Club Natural Sport, no marco de celebración do 30 Aniversario en colaboración con varias entidades como a Asociación de Veciños de Carreira, O Club Atletas Caninos, o Club SachaCamiños, Concello de Ribeira, Mariscos Bomar, Gadís, Callejeros Barbanza, Revolutrion, Save an Angel e Asociación Vivir en Corrubedo.

As inscricións realizaranse no portal especializado GalíTiming. E o prezo da mesma é de 5€ por participante (inclúe seguro).



RECOMENDAMOS ATENDER Ó SEGUINTE:

1. Os menores de 14 anos deberán ir acompañados dun titor ou dun adulto.
2. A Organización resérvase o dereito a pedir que os nenos acrediten a súa data de nacemento con documento oficial (DNI).
3. Débense seguir as recomendación das persoas que guíen o grupo en todo momento. De facer caso omiso das recomendacións a Organización resérvase o dereito de convidalos a abandonar a actividade.
4. Debemos respectar o entorno natural e ó resto de participantes en todo momento, evitando gritar, correr e sobre todo, enlizar ou maltratar a natureza.
5. Levar ropa axeitada á actividade e a climatoloxía reinante no día.
6. Levar auga e algo de comida axeitada (froita, barritas enerxéticas), segundo as necesidades persoais.
7. Puntualidade na hora de saída.
8. Respecto polos caminantes e polos animais de compañía.
9. A Organización resérvase o dereito a modificar o horario ou a data de existir alguna alerta meteorolóxica e/ou aconsellen as autoridades.

PARA OS PARTICIPANTES NA RUTA CANINA.

1. Os cans que participen na ruta canina deberán ir sempre atados. Prohibido cans soltos.
2. Deberán ter un seguro de cada animal.
3. Os cans PPP deberán cumprir a lei vixente (vacina da rabia, rexistrados no Concello e permiso de ter PPP)
4. Evitar conflitos innecesarios entre e cos animais.

PARA OS PARTICIPANTES NA RUTA CABALAR.

1. Os cabalos que participen na ruta deberán ter un seguro ademais do microchip correspondente.
2. Respectar sempre os lugares de tránsito e de estadia (tanto para o comezo da ruta como no final da mesma)
3. Evitar conflitos innecesarios entre e cos animais.

Calqueira consulta en juanlunaturalsport@hotmail.com





RECADACIÓN A FAVOR DE:
"SAVE AN ANGEL" E " CALLEJEROS BARBANZA"

